



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, a data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDO NO PROCESO SELECTIVO POR OPOSICIÓN PARA SOCORRISTA PARA PISCINA MUNICIPAL DE VILASANTAR SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

**2022/A008/000005**

**2022/E001/000006**

**2022/G003/000177**

Visto que mediante o Decreto de Alcaldía nº 137/2022, de 02/06/2022, se aprobaron as bases para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, dun posto de socorrista para piscina municipal do Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Vista a oferta de emprego de socorristas remitido por este Concello á oficina de emprego de Melide para selección de candidatos, en cumprimento dos requisitos da Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro) pola que se concedeu unha axuda para o fomento do emprego e mellora de empregabilidade no ámbitos de colaboración coas entidades locais ano 2022.

Vista a solicitude do resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Melide en data 03/06/2022, formulario da selección 12-2022-6277, manifestando o rexeitamento voluntario os candidatos contactado.

Vista a nova solicitude do resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Melide en data 14/06/2022, formulario da selección 12-2022-6277. Contactado telefonicamente con todos os candidatos remitidos para comprobación de se cumpren os requisitos esixidos e se están dispoñibles para contratación, polo que se publica a listaxe definitiva.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

**Primeiro.-** Abocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Admitir definitivamente ó aspirante que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, posto de socorrista para piscina municipal do Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade: Raúl López Díaz DNI 78\*\*\*\*21A (formulario da selección 12-2022-6277)

**Terceiro.-** Convocar a Comisión Seleccionadora para o mércores 22 de xuño de 2022 ás 10:00 na casa consistorial do Concello de Vilasantar (cláusula 4ª das bases da convocatoria) para realización da entrevista, e así mesmo convocar tamén o aspirante admitido para a realización da mesma (segundo a cláusula 5ª).



**Cuarto.-** Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello de Vilasantar, sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Quinto.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a comunicación a Oficina de Emprego e notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria – Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE